

 Compostela
Cultura

XIMC

XORNADAS DE MÚSICA
CONTEMPORÁNEA

SETEMBRO / 2020



Setembro 2020

1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30

MÉRCORES 9 / 20.30 h Auditorio de Galicia
X Aniversario
TALLER ATLÁNTICO CONTEMPORÁNEO

XOVES 10 / 20:30 h Auditorio de Galicia
Shaping Sounds
SUONOSUONO

VENRES 11 / 20:30 h Teatro Principal
Erritu
KUKAI DANTZA & SHARON FRIDMAN

MÉRCORES 16 / 19:30 h Auditorio de Galicia
Concerto
VERTIXE SONORA ENSEMBLE
Inauguración da exposición
MIRAR O SON. NOTACIÓN GRÁFICA
NA MÚSICA CONTEMPORÁNEA

XOVES 17 / 19:30 h Praza das Praterías
BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA
DE SANTIAGO

MÉRCORES 23 / 20:30 h Auditorio de Galicia
REAL FILHARMÓNÍA DE GALICIA



20.30 h / Auditorio de Galicia

X ANIVERSARIO

TALLER ATLÁNTICO CONTEMPORÁNEO

Luis Soto, frauta travesa,
frauta en sol, piccolo

Saúl Canosa, clarinete,
clarinete baixo

Nicasio Gradaille, piano

José Vicente Faus,
percusión

Pedro Rodríguez, violín

Álvaro Quintanilla,
violoncello

Diego García Rodríguez,
director

PROGRAMA:

Nicole Lizée (1973)

Music for body without organs (2011)

J. Cage (1912-1992)

Concerto for piano (1957/1958)

Nicasio Gradaille, piano

F. Rzewski (1938)

Pocket Symphony (2000)

Diego García Rodríguez, director

Diego é o director artístico e musical do Taller Atlántico Contemporáneo (TAC). Os seus compromisos como director invitado comprenden orquestras, teatros de ópera e festivais nacionais e europeos. No eido operístico destacan o seu debut no Teatro Real de Madrid con *Hansel e Gretel* de E. Humperdinck, *Rigoletto* e *Macbeth* de G. Verdi da Asociación de amigos da ópera de Vigo, *Carmen* de Bizet na Opera Baltycka (Polonia), a dirección musical da tempada 2015 da compañía donostiarra Opus Lírica cos títulos *O barbeiro de Sevilla* de Rossini e *Rigoletto* de Verdi, *A Ópera dos Tres Reás* co Centro Dramático Galego e as estreas mundiais de *It makes no Difference...*, ópera de cámara do compositor Simone Spagnolo no festival Tête à Tête dos Riverside Studios de Londres e de *Die Traumende Knaben*, melodrama do compositor Torsten Rasch en Dartmoor (Reino Unido). No 2019 é convidado ao Teatro Real como director musical de *Don Carlo* de Verdi. Colabora coa Real Filharmonía de Galicia, Orquestra Sinfónica de Galicia, Orquestra Sinfónica de Castilla y León, Orquestra Sinfónica del Principado de Asturias, Orquestra de Extremadura, Orquestra Filarmónica de Málaga, Orquestra Sinfónica Vigo 430, Orchestre des Pays de Savoie (Francia), Akademicka Orkiestra Bydgoszcz (Polonia), Orquestra Nova da OSG (proxecto Sonfuturo), Dartington Festival Orchestra (Reino Unido) e co festival The two Moors (Reino Unido). Obtivo o seu Mestrado artístico en dirección de orquestra (MA) na Zürcher Hochschule der Künste (Zúric, Suíza) e ampliou a súa formación xunto ao mestre Diego Masson na Dartington Summer School (Reino Unido) en 2009 e 2010. Naceu en Escarabote, A Coruña.



Diego García Rodríguez

Taller Atlántico Contemporáneo (TAC)

O TAC presentouse en marzo de 2010 na Praza do Obradoiro de Santiago de Compostela coa obra de Mauricio Kagel *Eine Brise*, para 111 ciclistas. Quixo reivindicar dende un principio a proximidade que a música contemporánea pode ter para o público actual, así como a



posibilidade de facer concertos con novos formatos. No mesmo ano colocou un piano de cola no faro de Fisterra para interpretar integramente a obra de Erik Satie *Vexations. 18 horas de piano ininterrompidas*. No CGAC presentou un ciclo de seis concertos adicados á música de compositoras e compositores galegos. Co grupo de rock Siniestro Total estrearon a *Suite Suicida Land of Opportunity* do compositor Javier López de Guereña. En 2011 e 2012 organizaron na Cidade da Cultura de Compostela o ciclo ‘Os Seráns do TAC’ que incluían música contemporánea, humor e gastronomía e que contou con artistas como Carlos Blanco, Quico Cadaval, Julián Hernández, Diego Masson, Paul Daniel, e os restaurantes Pepe Solla, Eirado da Leña, Abastos 2.0, Culler de Pau e Yayo Daporta. Outras das súas participacións máis destacadas son as do Auditorio Nacional de Madrid, as Xornadas de Música Contemporánea en Compostela, a 53ª Semana de Música Relixiosa de Cuenca e o Festival Internacional de Música y Danza de Granada. No 2019 presentárase no Festival Internacional de Santander e na Quincena Musical Donostiarra. En 2013 recibe dous importantes galardóns: o Premio Galego da Crítica e o Primeiro Premio «Martín Códax» (Premios Galegos da Música), na categoría de Música Clásica e Contemporánea. O TAC é un grupo estable, de formación aberta e ten como director artístico a Diego García Rodríguez

gulans.com/tallerac/ | [@AtlanticoTAC](https://www.instagram.com/atlanticoTAC/)

O concepto ‘corpo sen órganos’ dos filósofos franceses da segunda metade do século XX Deleuze e Guattari podería entenderse como un ‘mutante anómalo’: variable, infinito, cambiante e nun continuo proceso de conversión. Non está suxeito ás leis corporais da medicina. No seu libro «Deleuze e o cine de terror» Anna Powell analiza este xénero cinematográfico dende unha perspectiva delueuziana e conceptualiza o ‘corpo sen órganos’ e como se poden aplicar a estas películas e aos seus personaxes. *Videodrom* de Cronenberg, *Cat People* de Torneur ou *Hoolow Man* de Verhoeven son películas que entrarían nesa análise.



Nicasio Gradaille

Tamén estuda en profundidade o personaxe Frank Cotton, de *Hell-raiser* de Clive Barker. Os seus órganos reconstrúense gradualmente despois de ser feitos anacos polos cenobitas. A música para 'corpo sen órganos' é unha representación sonora deste continuo proceso de movemento e fluxo de elementos que se fusionan para formar novas entidades. É a música que eu me imaxino que bailarían durante o proceso. A peza está en continua transformación e mutación. Ten momentos de trance, de mal funcionamento, de psicodelia e de música de ambiente distorsionada. Durante a composición desta música tiven tamén unha visión da impactante escea de *Carnival of Souls*, película de culto de Herk Harvey, de 1962. O personaxe principal, Mary Henry, seguramente unha *zombie* posesa, entra en trance mentres entoa himnos durante a noite na igrexa. Os himnos mutan de repente en melodías arrepiantes e distorsionadas. As súas dedas activan os pedais do órgano con violento desenfreno. Os dedos acarician rapidamente os teclados, cada vez con máis urxencia, contorsionando o corpo ao ritmo da música. Canto máis entra en trance máis se materializan os espíritos malignos e comenza a bailar esa música demoníaca. Chegando a tempo de evitar a conclusión da melodía, o párroco aparece, retíralle as mans das teclas e pregoa o sacrilexio desa música (Nicole Lizée).

O *Concert for Piano*, adicado á pintora Elaine de Kooning, é a obra máis ambiciosa de John Cage da década dos 50. Corresponde á súa etapa compositiva de música indeterminada, na que cede a responsabilidade final da obra aos intérpretes. As partituras non presentan música para tocar senón procesos a realizar polos intérpretes, que terán que tomar decisións que afecten ao resultado final da obra. En Cage (e especialmente nesta obra) a indeterminación é tal que o propio compositor non é quen de recoñecela. Por indicación de Cage, sempre debe ser interpretada de maneira distinta. O *Concert for Piano* non ten partitura xeral. Consiste en diferentes *solos* para os instrumentos da orquestra e un *solo* para director. Nunha interpretación poden ser tocados todos os *solos* ou calquera combinación deles que se decida. Cada intérprete ten que elaborar o seu *solo* con antelación. Ningún músico sabe o que



van tocar os outros. O director, que tamén elaborará o seu *solo*, non sabe o que van tocar os instrumentistas. Os músicos non deben interactuar. Deben coexistir. A duración pode ser calquera pero debe ser acordada entre todos os intérpretes con anterioridade a cada concerto. O director actúa como unha especie de reloxo que afectará á noción de tempo dos participantes. O *Solo* para piano é o máis longo de todos, consiste en 63 páxinas, tamaño A3 con escritura gráfica (máis que notas consta de debuxos) que representan 84 técnicas diferentes de notación musical. Varias páxinas da partitura foron vendidas como cadros o día da estrea. A parte de piano foi escrita para o amigo de Cage e gran pianista David Tudor (1926-1996). A súa elaboración está gardada no Getty Research Institute de Los Angeles e é a que se presenta neste concerto. O noso pianista, Nicasio Gradaille, realizou o seu traballo de doutoramento sobre esa elaboración e interprétaa hoxe por primeira vez en Galicia (e en España) despois de telo feito en congresos en Leeds (University of Leeds) e Londres (Royal College of Music).

O compositor estadounidense Frederic Rzewski é unha das figuras máis peculiares entre os compositores actuais. Virtuoso pianista e profesor de composición, os seus traballos caracterízanse pola grande importancia que concede ao momento preciso da interpretación. A *Pocket Symphony* (Sinfonía de peto) é unha obra sorprendente, na que consegue cun (teoricamente) ensemble de dimensións reducidas, crear unha obra «sinfónica» que, sonora e estilisticamente presenta un fresco das correntes musicais máis características da segunda metade do século XX, do neoclasicismo ao atonalismo, pasando polo minimalismo e sobre todo á improvisación, a través das «Cadenzas» que asigna a cada un dos instrumentistas, sendo estas as que ligan os 6 movementos dos que consta.



20.30 h / Auditorio de Galicia

SHAPING SOUNDS

SUONOSUONO

PROGRAMA:

Jonathan Burrows (1960)
Hands (1995)

Karl Naegelen (1979)
La plainte du ney (2011)

Carolyn Chen (1983)
Adagio (2009)

Giovanni Sollima (1962)
Alone (1998)

Simon Steen-Andersen (1976)
Next to beside besides #2 (2003/2005)

Pauline Oliveros (1932-2016)
*Approaches and departures -
Appearances and disappearances* (1995)



Sara Méndez, saxo

Sara está interesada no repertorio clásico e contemporáneo do saxofón. Actualmente, forma parte de MANAMA, un programa especializado en música contemporánea co ensemble Ictus, Spectra e o KASK Conservatorium (Gante). Anteriormente, graduouse no Royal College of Music de Londres, onde fixo un Mestrado en Interpretación co profesor Martin Robertson como bolsreira dos Big Give Awards. Sara é a gañadora do concurso de Música Contemporánea do Royal College of Music do ano 2018. Durante os seus estudos medios con Emilio Vázquez, Sara foi galardoada co Premio Extraordinario Fin de Grao, antes de ser aceptada para estudar o seu Grao Superior no Conservatorio de Música das Illas Baleares (CSIB). Alí, formouse no seo da Aula Internacional de Saxofón 'Mallorca Saxophone Studio' cos profesores Rodrigo Vila e David Brutti. A súa formación viuse enriquecida polos consellos de músicos como Jean-Marie Londeix, Marie Bernadette Charrier, Marcus Weiss, Lars Mlekusch, Daniel Gauthier, Simon Diricq e compositores como Mauricio Sotelo, Jesús Torres, François Rossé, Christian Luba e Alberto Posadas. Sara estivo na edición de 2018 de Darmstadt Ferienkurse für Neue Musik, na clase de Marcus Weiss. Participou nos festivais Ear to the Ground, SLOW, ME_MMIX, nas Xornadas de Música Contemporánea de Santiago de Compostela e activamente no Mallorca Saxophone Festival desde a súa cuarta edición (2012). A súa faceta interpretativa levouna a colaborar con ensembles e orquestras tales como ICTUS, Container #Gal, Orquesta Sinfónica de las Islas Baleares ou o New Perspectives Ensemble. A súa actividade concertística levouna a diferentes escenarios en Reino Unido, Bélxica, Francia, Alemaña, España, Portugal e Tailandia. Sara forma parte de Container, G.A.M.E Ensemble e de Pulso, plataformas coas que desenvolve programas comprometidos coas creacións dos nosos días.

www.sara-mendez.com



Carolina Bartumeu, violoncello

Esta violonchelista andorrana rematou recentemente o Master of Performance no Royal College of Music de Londres coa profesora Melissa Phelps con mención de honra. Ademais de ter sido premiada pola fundación Neville Within por segundo ano consecutivo, tamén foi bolseira da Fundación Credit Andorrà. Carolina comezou estudar violoncello aos 7 anos no Instituto Andorrano de Estudios Musicales cos profesores Cristina Sahuquillo e Lluís Claret, antes de trasladarse a Barcelona onde se graduou no Conservatorio do Liceo en 2011. En xuño de 2015 obtivo o Bachelor no Conservatorio de Utrecht, Holanda, con matrícula de honra co profesor Ran Varon. Ese mesmo ano recibiu o premio extraordinario do conservatorio de Utrecht, o EMIR Steyerbergprijs. Carolina asistiu a clases maxistras con músicos como Jérôme Pernoo, Louise Hopkins, Dmitri Ferschtman, Roel Dieltiens, Gavriel Lipkind e Gustav Rivinius. Debutou como solista aos doce anos coa Joven Orquesta Nacional de Cámara de Andorra, JONCA, onde foi invitada posteriormente en diversas ocasións. Máis recentemente, actuou como solista coa Utrecht String Orchestra e a Filharmónica de Crimea. Carolina é moi activa na música de cámara e deu recitais con diversas formacións en Andorra, España, Francia, Suiza, Portugal, Inglaterra e Holanda, en importantes salas como o Amsterdam Concertgebouw, Wigmore Hall ou Royal Albert Hall de Londres e a Gran Sala do Conservatorio de Moscova. Carolina forma parte da Orquesta Nacional de Cámara de Andorra, ONCA e colabora con outras importantes como a Filarmónica di Bologna, a Orquesta Sinfónica de Barcelona, OBC ou a Orquesta del Gran Teatro del Liceu. Este ano Carolina está tocando como asistente principal de violoncello na Real Orquesta Sinfónica de Sevilla.

www.carolinabartumeu.com

Suonosuono preséntase en ‘shaping sounds’ co movemente como o seu eixo central. A relación do intérprete co seu discurso musical verase influída e analizada durante a execución das obras. Exploramos os límites da interpretación musical a través dos compositores do noso tempo e cunha combinación inusual que traerá diferentes formas de son, novas e experimentais. Unha hora de música escrita, combinada con improvisación coa que o oínte viaxará da man de Suonosuono con todas as diferentes perspectivas da interpretación musical.

Hands naceu baixo o concepto de facer un proxecto que se vira en televisión. Una peza para dúas mans creada e interpretada polo coreógrafo Jonathan Burrows cuxa investigación artística contribuíu significativamente á reformulación da coreografía contemporánea de Europa occidental e desafiou ás convencións dos xéneros, as linguaxes e as técnicas. Desde finais do decenio de 1980, a crítica internacional de danza ten eloxiado o seu traballo creativo e inventivo, o seu «uso moi orixinal do movemento», o seu novo enfoque da composición, as súas interpretacións «controladas, discretas» e «inflexibles» e o humor e a «oblicuidade» das súas pezas pouco convencionais e encantadoramente enigmáticas.

A idea principal de *La plainte du ney* provén dun poema persa cuxa narración di que cando se corta o ney (a caña) para facer a frauta, esta produce un certo ‘grito’. A partir de aquí, Naegelen escribe unha obra onde se busca en todo momento a expresión da relación física co instrumento.

O *Adagio* de Carolyn Chen amosa o que quedará do ‘tiefe Empfindung’ (sentimento fondo) se o material primario (a música en si mesma) é eliminada. A representación da peza presenta ás intérpretes con auriculares facendo expresións faciais a cámara lenta durante sete minutos. Aparentemente absurda, a peza é desconcertante e desafia a pensar de novo nas relacións dinámicas entre os xestos das facianas, o movemento a cámara lenta, a copia e as actividades privadas/públicas de escoita.

Giovanni Solima é un dos chelistas máis virtuosos e carismáticos de hoxe en día. Nas súas composicións, en especial na súa peza *Alone*, composta en 1998, amosa un mar de posibilidades sonoras do violonchelo. *Alone* consta de dúas partes moi marcadas que se intercalan, que poderíamos dicir que se opoñen; unha sendo melancólica e melódica, e a outra extremadamente enérxica, estrambótica e aloucada... quizais nos amosa dúas maneiras diferentes de sentirse solxs.

Next to beside besides #2. Unha peza musical abstracta seguirá sendo a mesma aínda que se toque en instrumentos con movementos esencialmente diferentes. Pero, e se a composición abstracta se dirixise cara aos movementos? E se a composición se pensase como unha coreografía para músico e instrumento, co son como consecuencia? Entón a mesma peza soaría completamente diferente en instrumentos con diferentes relacións entre movemento e son. E entón sería a mesma peza? *Next To Beside Besides* é unha serie de 'traducións' da peza *Besides* para violonchelo só, que á súa vez é unha modificación da terminación da peza *Besides* para tres instrumentos amplificados e tres silenciados.

Approaches & departures - Appearances & disappearances. Saxofón, violonchelo e danza experimentan as diferentes posibilidades de achegarse a un son. Preséntase un material onde os principios elementais de acción do son e movemento foron obxecto de análise, procurando as similitudes e diferenzas dos dous campos artísticos e xerando un resultado final que se completa cunha linguaxe única. A interpretación da peza será o resultado dunha colaboración que Suonosuono realizou este verán coa bailarina Helen D'Haenens.



20:30 h / Teatro Principal

ERRITU

KUKAI DANTZA & SHARON FRIDMAN

Idea original: Jon Maya Sein

Coreografía:
Sharon Fridman

Asistencia de dramaturxia
e interpretación: Antonio
Ramírez-Stabivo

Intérpretes: Urko Mitxelena,
Nerea Vesga, Eneko Gil,
Izar Aizpuru, Alain Maya e
Ibon Huarte

Canto: David Azurza

Creación musical: Luis Mi-
guel Cobo e David Azurza

Deseño de vestuario: Ikerne
Giménez

Deseño de escenografía:
Oficina 4Play Arquitectura

Deseño de iluminación:
David Bernués

Deseño de espazo sonoro:
Ángel Agüero

Equipo de produción:
Nagore Martínez, Doltza Oar-Arteta
Kukai Dantza é Premio Nacional de Danza
2017

kukai.info | @kukai.konpainia



Kukai Dantza é unha compañía que nace e reside en Errenteria (Guipúzcoa), creada por iniciativa do bailarín e coreógrafo Jon Maya Sein, en 2001. Kukai realiza una creación contemporánea a partir da danza tradicional vasca, impulsando encontros con outras linguaxes artísticas e estilos de danza. Iniciou a súa andaina coa presentación da breve coreografía *Deiadarra*. Desde entón, soubo desenvolver un proxecto artístico camiñando en diferentes liñas de traballo. Por exemplo, a súa estreita relación con Tanttaka Teatroa traducíuse na creación de varios proxectos escénicos cunha linguaxe moi característica. Á vez, o ano 2008 comezou unha nova senda creativa invitando coreógrafos internacionais á compañía. Deste modo Kukai Dantza realizou proxectos con coreógrafos da talla de Marcos Morau, Israel Galvan, Cesc Gelabert, Sharon Fridman, La Intrusa Danza, Ione San Martín.... Destaca a capacidade da compañía para adaptarse a linguaxes, espazos e acontecementos especiais, desenvolvendo traballos artísticos en espazos e contextos en relación co cine, a arquitectura, a moda, a gastronomía, etc. Destacan as numerosas colaboracións que ten realizado Kukai Dantza con destacados músicos: Oreka Tx, Orquesta Sinfónica de Euskadi, Carlos Nuñez, Iñaki Salvador, Juan Mari Beltran... Kukai Dantza recibiu numerosos premios na súa traxectoria. Premio Nacional de Danza 2017, Max Mejor

Espectáculo de Danza 2017, Max Mejor Elenco de Danza 2015 e 2017, Premio de Honra Umora Azoka Leioa 2016, Mellor Espectáculo de Danza Feria de teatro y Danza de Huesca 2014 e 2016, Mención Especial en festival de Artes de Calle de Valladolid, Premios Donostia de Teatro 2003... É compañía residente en Errenteria, onde desenvolve un proxecto de sensibilización e creación de públicos, xunto ao Concello da localidade. No ámbito social, desenvolve proxectos de integración, formación e solidariedade a partir da danza.

Erritu supón o encontro entre Kukai Dantza e o prestixioso coreógrafo Sharon Fridman. É unha viaxe vital que atravesada mediante ritos de paso individuais e colectivos os distintos estados da vida en relación coa natureza e coa comunidade. Estados que van desde o nacemento ao caos, pasando polo deserto da soidade, até chegar ao encontro, o amor e, finalmente, a morte. Os ritos exercen a modo de pontes para tentar descubrir o sentido das conexións entre a nosa existencia individual –cargada de pasado, presente, promesas de futuro e opcións– e a experiencia colectiva ritualizada, sempre referencial pero tamén en movemento e cambio. Espiritualidade, tenrura e decisión persoal danse a man nunha viaxe que, ao final, resulta colectiva, pero influída polas traxectorias dos máis conscientes.



19:00 h / Auditorio de Galicia

CONCERTO

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

PROGRAMA:

Juan Hidalgo (1927- 2018)

Milan piano (1959)

Michel Agnes Magalhaes (1979)

Crime(s) (2017)

violín e electrónica

Eduardo Partida (1992)

Verbo (2019)

para voz e megáfono

Catherine Kontz (1976)

Three legs and a wheel (2018)

para piano e bicicleta

Roberto Morán (1937)

Elegant Journey with Stopping Points of Interest (1967)

versión para catro intérpretes

Vertixe Sonora

Colectivo flexible que integra solistas de importante traxectoria no ámbito da música contemporánea en Galicia e Portugal, Vertixe Sonora Ensemble favorece un espazo aberto á reflexión, discusión e intercambio na música contemporánea. Está formado por artistas sonoros, artistas plásticos, músicos de jazz, intérpretes clásicos e xente do teatro e a danza cunha común vontade por desenvolver propostas musicais cunha perspectiva artística global que atopan na procura da excelencia artística e no forte compromiso coa música e os creadores do noso tempo a súa razón de ser.

Xorde co afán de manter unha estrutura estable de encomendas, favorecer a creación de producións musicais de actualidade e dinamizar o espectro sonoro contemporáneo desde o vértice peninsular dun xeito que resulte significativo nunha perspectiva internacional.

A partir dunha conciencia da multiplicidade no achegamento ao sonoro establece un constante diálogo e interacción co pensamento, a ciencia, a tecnoloxía e outras formas artísticas da contemporaneidade desde unha óptica cosmopolita, integradora e transcultural que non renuncia nin ao rigor, nin á transgresión nin ao espírito de vangarda.

A relación do canario Juan Hidalgo con John Cage foi determinante para o futuro do primeiro como compositor pois a música non será un mero produto de concerto, senón algo vivo e variable, segundo as condicións de cada interpretación, comportándose case autonomamente e enriquecéndose cos aspectos visuais inherentes que a conforman, coa xestualidade, con tensións e disonancias non acústicas, etc. O xurdimiento do novo estilo de Hidalgo ten lugar en 1959 compoñendo, entre outras, a serie *Armónicos*; *Aulaga* para piano solo; *Ciu Music Quartet* para viola, trombón tenor con sordina husch-husch, fagot e piano de cola; *Milan Piano* (estreada ese ano en Las Palmas) que constitúe o primeiro exemplo de música experimental para piano de España e está escrita para piano de cola e calquera tipo de instrumento ou obxecto



Juan Hidalgo
Milan Piano (fragmento),
1959

Para pianista, piano de cola e calquera tipo de instrumentos ou obxectos cos que se podan producir sons indeterminados

Editorial de Música Española Contemporánea,
1974

cos que integra sons indeterminados e na que reduciu ao mínimo os acontecementos sonoros. Hidalgo sérvese da notación xeométrica para representar a duración dos sons e os ruídos, determinada polo tamaño dos círculos que simbolizan aos mesmos. Así mesmo, o compositor estrutura cronometricamente a partitura debuxando pequenos reloxos sobre o pentagrama que indican a duración da secuencia contida entre dous deles.


Michel Agnes Maghallaes explora na súa música os límites entre o xesto e a escritura, centrada na produción de son e a corporalidade. Céntrase nas materias primas, creando sons complexos dentro de formas xeométricas inspiradas e estruturadas. A compositora brasileira refire sobre a súa peza «Na interpretación de *Crime(s)* (2018) para violín e electrónica, a partitura está destinada tanto ao instrumentista como ao público. É unha partitura gráfica deseñada para o violinista Solrey (Dominique Lemonnier) nun lugar moi específico: o Studio Venezia de Xavier Veilhan no pavillón francés da Bienal de Venecia de 2017. Xa

sabíamos que debido á súa proximidade ao público e a unha situación de instalación, a partitura non só tería unha función tradicional de transmisión do compositor ao intérprete».

Segundo as notas do propio compositor Eduardo Partida «*Verbo* pretende ser unha experiencia ritual e sensible do corpo e a voz, lograr dita experiencia é o obxectivo principal de calquera execución desta peza [...] A peza pode ser interpretada por calquera persoa sen importar as súas cualidades corporais nin a súa experiencia musical. O único necesario para a execución desta peza é un estudo fondo do corpo e, principalmente, do aparato fónico de quen decide interpretar a obra. O intérprete debere recoñecer e aprehender o seu corpo e os seus sons en relación coa partitura. Deberá familiarizarse cos movementos e articulacións... para encontrar unha maneira única e persoal de interpretar a obra».

As obras Catherine Kontz, unha compositora luxemburguesa ubicada en Londres, exploran a forma non lineal, os elementos visuais/espaciais e a dramaturxia musical. En 2018, obtivo un doutoramento na Universidade de Londres pola súa investigación sobre a teoría deleuziana en relación coa ópera mímica, o cinema de David Lynch e o Kabuki xaponés. *Three legs and a wheel* é unha partitura gráfica, escrita e interpretada por primeira vez xunto á filla da compositora co gallo do 75 aniversario do seu pai, unha peza de piano a dúo cun «ciclista»; ferramentas relacionadas coa bicicleta como parafusos, clips e contas de radios utilízanse para preparar os instrumentos.

16



20:00 h / Inauguración da exposición

MIRAR O SON. NOTACIÓN GRÁFICA NA MÚSICA CONTEMPORÁNEA

Auditorio de Galicia


Christian Wolff

For 1, 2 o 3 people
(fragmento), 1964

Edition Peters, 1964

Ignacio Barcia e Iñaki Martínez Antelo, comisarios

Mirar o son recolle máis de douscentos documentos e propón un achegamento ás novas formas de notación musical que xorden aproximadamente a mediados do século XX ata a actualidade. Móstranse exemplos de partituras non convencionais nas que predomina a súa dimensión visual, ou que adoptan linguaxes e sistemas de notación non normalizados. Estas partituras responden a necesidades de notación consecuen-



Yana Shlyabanska
Mill: the convention of energy (fragmento), 2017

Cortesía da autora

cia de novas formas musicais, de novos procesos compositivos, das esixencias de notación das formas estendidas de interpretación, da ampliación dos materiais sonoros empregados ou mesmo, en ocasións, do uso da escritura ou a creación visual como ámbito de experimentación compositiva.

Atopamos en moitas ocasións conexións con movementos de creación multidisciplinares, como se dá de forma paradigmática no caso do movemento Fluxus onde entraron en relación artistas provenientes das artes plásticas, da música, da escritura experimental e doutras disciplinas. Así, a notación gráfica pode entenderse como unha sorte de solapamento do visual que, nun neoloxismo significativo, se denomina co anglicismo «aural».

A exposición non pretende un percorrido exhaustivo nin antolóxico senón dar unha mostra variada, con algúns exemplos emblemáticos e ben coñecidos (John Cage, Cathy Berberian, Dick Higgins, Joan La Barbara, Llorenç Barber, Earle Brown, Juan Hidalgo, Tom Johnson, Morton Feldman, Cornelius Cardew, David Young, etc.) e outros quizais menos coñecidos ou máis novos. Os documentos expostos son, en xeral, publicacións máis o menos accesibles, salvo algúns casos nos que se trata de edicións xa esgotadas ou impresións *ad hoc* de obras inéditas ou publicadas en formatos dixitais.

A exposición *Mirar o son* está dentro da primeira edición de Plataforma, Festival de artes performativas, un proxecto desenvolvido por Performa S. Coop. Galega.



19:30 h / Praza das Praterías

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO

Casiano Mouríño, director

PROGRAMA:

Chuck Mangione (1940)

Children of Sanchez. Fanfarre (1978)

(Arr. N. Iwai)

Kees Vlak (1938)

Os Passaros do Brasil (1996)

Arturo Márquez (1950)

Conga del Fuego Nuevo (2005)

Jan Van der Roost (1956)

Puszta (Four gipsy dances) (1988)

Dmitri Shostakovich (1906-1075)

Jazz Suite núm. 2 (1938)

(Arr. J. de Meij)

Banda Municipal de Música de Santiago

Nace en 1848 como centro de formación de instrumentistas á que acudiron durante moitos anos os nenos acollidos na Casa Hospicio. Foi agrupación de afeccionados ata 1876 cando o Concello decide facerse cargo dela e comeza a profesionalizarse redactándose un regulamento para o seu funcionamento. Actualmente realiza os seus concertos no Teatro Principal e na Rúa do Vilar, praza da Quintana, Alameda e outros lugares da cidade na temporada de verán. Ten o seu local de ensaios e arquivo no Auditorio de Galicia e dentro do seu traballo cotián segue enriquecendo ás súas interpretacións que van do pasodobre ao repertorio sinfónico, pasando pola música tradicional e numerosas transcripcións de obras clásicas de compositores de toda as épocas e obras específicas para banda de compositores actuais, en especial de compositores galegos. Centra a súa actividade na programación da temporada cos ciclos de outono, inverno, primavera e verán, concertos sinfónicos no Teatro Principal e Auditorio de Galicia de outubro a maio, con numerosos directores e solistas invitados ademais de realizar colaboracións co CMUS de Santiago, Escolanía e Coro Cardenal Quiroga da Catedral de Santiago, Cantorum Compostellana Coniuntio, Treixadura, Cantigas e Agarimos, Brincadeira, Tequexetéldere, entre outros; concertos didácticos para os colexios de Santiago e comarca, interpretando: *Pedro e o Lobo*; *A Burra Ramona*, con narración de Paula Carballeira; *A Boliña de Pan*, con narración Celso Fernández; Concerto Singular con Píscore; *Peer Gynt*; *A Fruta Máxica* ou *West Side Story* con Viravolta Títeres, por citar algún. Participa nos actos organizados polo Concello como a Ofrenda ao Apóstolo Santiago, entrega de medallas da Xunta de Galicia, procesións de Semana Santa, Feira do Libro ou Festas da Ascensión. Na temporada de verán, participa cunha programación especial no mes de xullo, un ciclo de concertos polos distintos barrios da cidade con motivo da celebración das súas festas, e como non os xoves pola tarde, os concertos na Praza das Praterías, onde a Banda deleita coas súas actuacións aos composteláns e a milleiros de visitantes de todas partes do mundo que visitan Santiago de Compostela nesas datas.

Casiano Mouriño Maqueira, director

Estuda nos Conservatorios Superiores de Música de Vigo, Santiago de Compostela e Valencia con Manuel Galduf Verdeguer, José Vereá Montero e Antón García Abril. En 1987 gaña por oposición a praza de Profesor de Saxofón-barítono da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela e no 2000, a praza de segundo director da mesma, e de director dende xaneiro de 2007 ata outubro do 2009. Asiste a cursos de dirección de orquestra, composición, banda e coro con destacados mestres como H. Rilling, Galduf Verdeguer, García Asensio, García Abril, Magnus Lindberg, Jean Pennnigs, Jean Marie Londeix, Andrés Gomis, James Ross, Bernardo Adam Ferrero, José Rafael Pascual-Vilaplana, Henrie Adams, José Susi López, Juan María Esteban, Pier Paolo Scattolin, Injoo Joo, Ana María Navarrete, Johan de Meij, etc... Impartiu cursos na E. M. de Música Padrón, Negreira, Paradela-Meis, Bandeira e nos Conservatorios de Compostela e Vilagarcía. É autor de *Divertimento para orquestra*, *Vertula*, *Alfaia*, *San Lourenzo de Nogueira*, *Inqedanzas para Banda Sinfónica*, *Metamorfosium* (estreada pola EAEM baixo a dirección do mestre Maximino Zumalave), *Saxofonía* e *Anamnese* (banda sonora da curtametraxe de Leticia Prieto). Realizou transcricións para banda sinfónica como *Cadros dunha Exposición* e *Unha noite no Monte Pelado* de Mussorgski, *As Travesuras* de Till Strauss e *Metamorfoses Sinfónicas* de Hindemith, ademais de instrumentacións de obras para banda. Dirixiu a RFG no concerto conmemorativo do 170 aniversario da Banda de Santiago de Compostela, na primeira actuación conxunta de ambas, a solistas como Alexander Gold, Laura Alonso, Carmen Subrido, Gabriel Alonso, Miguel Borrallo, Idores Duarte, Rosa Cedrón, Marina Penas, Eliseu Mera, Uxía Senlle, Emilio Rúa, Treixadura, Cantigas e Agarimos, Tequexetéldere, Brincadeira, Coral Polifónica Xuntanza de Meis, Coral Polifónica de Barro, Coro Santa María de Paradela, Cantorum Compostellana Coniunctio, Escolanía e Coro Cardenal Quiroga da Catedral de Santiago realizando obras do repertorio sinfónico-coral como *O Mesías* de Haendel, *Carmina Burana* de Orff, varias bandas galegas, e a Banda de Música da Vertula coa que

acada varios primeiros premios en distintos certames. Ten estreado obras propias e doutros compositores como Juan Lois, Simón Couceiro, Javier Ces, Amador Santos, entre outros. Na actualidade, é Director da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela.

A Banda Municipal de Música convértese nestas Xornadas de Música Contemporánea en centro de encontro da tradición musical americana e europea no que respecta á música de danza. A tradición americana coas Big Bands, o blues ou o jazz conxúgase coa de America e os seus sons, bailes e sambas para confrontarse coa danza centroeuropea baixo un nexo común: o trasvase cultural e a contemporaneidade.

Children of Sánchez foi composta en 1978 polo trompetista e compositor Chuck Mangione para a película de Hall Bartlett do mesmo título e valeulle o seu segundo Grammy, nesta ocasión, á mellor interpretación instrumental pop o que xerou certo desgusto aos seus seguidores no ámbito do jazz a pesar de que na partitura non hai albisco de improvisación e recolle unha mestura nostálxica de vento metal para crear unha atmosfera atemporal e evocadora.

O holandés Kees Vlak escribiu *Os Passaros do Brasil* referíndose ao pobo brasileiro. Na pasaxe dos *Passaros coloridos*, unha ocarina ou frauta imita a un paxaro amazónico. *A Pomba Triste* está escrita como se fose unha bossa nova que fala das mozas da samba; o entroido non só é unha diversión senón tamén unha fonte de ingresos. *Os Passaros no Carnaval* é unha típica samba rápida de Río e a peza remata cunha melodía espontánea cantada por todos os participante na festa.

Arturo Márquez naceu en México e foi coñecido pola súa música inspirada nas composicións vernáculos do seu país, o prestixio entre o público orquestral chegoulle por unha serie de sinuosos e evocadores danzóns, un baile de orixe cubana moi popular en México, sobre todo, na rexión de Veracruz. A conga é un baile de entroido cubano e a cerimonia do 'Fuego Nuevo' era un ritual mexicano precolombino así *Conga del Fuego Nuevo* é unha peza de celebración, brillante e



Chuck Mangione

pegadiza, na que a sección de percusión caracteriza o ritmo da conga. Márquez ralentiza a peza na sección central para destacar a trompeta nunha melodía que lembra a tradición dos mariachis. Os saxos altos recóllena e reláxanse nun ritmo que só será interrompido polo regreso do material de abertura para chegar un vibrante final.

O título *Puszta* fai referencia a una vasta pradeira en Hungría na que os xitanos adoitaban acudir cos seus cabalos (salvaxes). O belga Jan Van der Roost escribiu unhas danzas folclóricas de aires xitanos, relacionadas coa música popular e tradicional eslava, que se caracterizan pola alternancia de estados de ánimo temperamentais e melancólicos, e polo contraste dos tempos. O seu carácter e o seu son poden compararse aos das danzas húngaras e eslavas de Brahms e Dvorak e ás *Rapsodias húngaras* de Liszt.

Ao falar das dúas suites de jazz de Shostakóvich, faise fincapé na súa capacidade para estudar e assimilar linguaxes e estilos, algúns alleos á esfera estrita da música de concerto. Dado que na Unión Soviética da época, o jazz considerábase unha mostra da decadencia cultural e espiritual do occidente burgués, o compositor ruso tivo escasa relación con ese xénero pero ao comezo dos anos trinta contactou con algúns músicos soviéticos que practicaban o que naquel entón se consideraba jazz no país, máis ben música lixeira bailable que auténtico jazz. En 1934, nun intento oficial de darlle ao jazz relevancia a Unión Soviética convoca un concurso de composición para o que Shostakóvich compuxo a *Suite de jazz núm. 1* (1934) e en 1938 Victor Knushevitzky, director da Orquestra Estatal de Jazz, encargoulle unha obra que foi a *Suite núm. 2* escrita, segundo algúns estudos, escrita para orquestra de variedades ou de salón de baile tanto que Elizabeth Wilson di sobre estas suites de jazz: «Mentres a *Primeira suite* reflicte a exuberancia e a decadencia dos 1920s, a Segunda suite ten as súas raíces na Viena de Johann Strauss, e mira anticipadamente cara ao Exército Vermello».



20:30 h / Auditorio de Galicia

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Maximino Zumalave, director

PROGRAMA:

Grażyna Bacewicz (1909-1969)

Concerto para orquesta de cordas (1948)

Manuel Balboa (1958-2004)

Mares Nocturnos (1994)

Xavier de Paz (1963)

From flame to memory (Encargo da RFG, 2008)

Rogelio Groba (1930)

Plenilunio (Premio de Composición Auditorio de Galicia, 2004)

Real Filharmonía de Galicia

A Real Filharmonía de Galicia inicia o seu camiño en Santiago de Compostela en 1996. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico, posto no que o precederon Helmuth Rilling e Antoni Ros Marbà. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Con sede no Auditorio de Galicia e xestionada polo Consorcio de Santiago, mantén unha temporada de abono estable. Ao longo da súa traxectoria acompañárona os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas do mundo. Ten realizado xiras e concertos en escenarios de Alemaña, Austria, Francia, Brasil, Arxentina, Cuba e Portugal, país co que mantén unha estreita colaboración. Comprometida co territorio ao que presta servizo, actúa asiduamente por toda Galicia. A RFG amosa un especial interese pola obra de autores noveis, en particular de compositores galegos. A súa discografía consta de máis de 12 cedés, dedicados a Maurice Ravel, Manuel de Falla, Frederic Mompou, Antón García Abril, Franz Schubert ou José Arriola. A Real Filharmonía de Galicia traballa no achegamento a novos públicos, a través de propostas didácticas, familiares e programas especiais; promovendo ademais a realización de concertos en espazos abertos. A orquestra forma un proxecto conxunto coa Escola de Altos Estudos Musicais, coa que colabora para ofrecer unha formación altamente especializada en práctica orquestral a novos intérpretes.



Maximino Zumalave

Maximino Zumalave, director

Director e pianista compostelán, formouse musicalmente en Santiago, Madrid, Viena e Stuttgart. Foi discípulo de Ángel Brage, Rosa Sabater, Guillermo González, John Elliot Gardiner e Helmuth Rilling. Fundador e director do Coro Universitario de Santiago e do Collegium Compositellanium, principal director invitado da Orquestra Sinfónica de Galicia (1992 - 1995) e director asociado da Real Filharmonía de Galicia, formación da que foi fundador. Director asociado da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia e profesor de Sinfonismo nos Cursos Universitarios

Internacionais de Música en Compostela. Con Maximino Zumalave actuaron solistas como J. Achúcarro, T. Barto, M. Bayo, E. Bitetti, R. Buchbinder, R. Castromil, A. Ciccolini, J. Colom, V. Gens, V. Georghiu, W. Holzmaier, las hermanas Labèque, N. Lahusen, A. de Larrocha, A. León Ara, Ch. Margiono, A. Nafé, M. Orán, A. Rolfe Jonson, G. Sandor, J. Soriano, I. Vermillion e F.P. Zimmermann, entre outros. Frecuente e moi especial é a súa colaboración con Teresa Berganza en diferentes países de Europa. Dirixiu importantes formacións tanto estranxeiras como españolas, como a Orquestra de Cámara de Stuttgart, The English Chamber Orchestra, a Sinfónica de Praga, a Orquestra da Ópera Nacional de Sofía, Nacional de Lille, Sinfónica de Odense, Sinfónica de Porto, The Brabants Orchester (Eindhoven), Orkest van het Oosten (Enschede), English Baroque Soloist, Bach Collegium, Nacional de España, Sinfónica de Madrid, Ciudad de Barcelona, Sinfónica de Tenerife ou a Orquesta Ciudad de Granada, entre outras. Foi invitado a participar en xurados e presidir importantes certames e premios internacionais. Maximino Zumalave dirixiu estreas absolutas de obras de Bernaola, Castillo, García Abril, Groba, Marco, Mestres Quadreny, Villa Rojo, coidando especialmente as primeiras audicións de novos compositores galegos como Alonso, Balboa, Buide, Durán, Macías, Paz, Pereiro, Vázquez ou Viaño. O seu compromiso coa cultura de Galicia transcende alén da música: Torrente Ballester envíalle unha obra «lamentando que no pueda ser una sinfonía» e a poeta Eva Veiga escribe:

...Maximino,
que coas súas mans do silencio
arrinca
a máis pura poesía,
no espacio fuxidía
no corazón eterna.

É licenciado en Ciencias Biolóxicas, especialidade de Bioloxía Mariña. En febreiro de 1995 foi elixido académico de número da Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario. No período 2010-2018

foi membro do Plenario, coordinador da Sección de Música e Artes Escénicas do Consello da Cultura Galega e, dende 2014, formou parte da Comisión Executiva desta institución. En xuño de 2008 o Consello da Xunta de Galicia concedeulle a Medalla Castelao e en 2016 recibiu o Premio da Cultura Galega.



Grażyna Bacewicz

A violinista e compositora polaca Grażyna Bacewicz desenvolveu un papel fundamental na música do século XX do seu país levándoa ao escenario internacional. Seguindo os pasos de Szymanowski, as súas obras transmiten unha sorprendente sinceridade emocional ao combinar elementos da canción folclórica polaca cunha rica abertura ás posibilidades musicais que ofrecía o modernismo. O *Concerto para orquestra de corda* foi composto en 1948 e converteuse inmediatamente nunha obra mestra do neoclasicismo que fascina tanto pola súa fantasía e o seu virtuosismo como pola súa combinación harmoniosa de elementos formais de carácter tradicional con novas ideas tonais. A forma do *Concerto*, en tres movementos, oscila entre a do *concerto grosso* barroco e as sonatas clásicas temperás e a tendencia neoclásica manifiéstase, sobre todo, na articulación da estrutura musical de acordo cos rigores da época e no xeito de desenvolver os fíos temáticos derivados deles. O *Allegro* —en forma dunha sonata clásica precoz— comeza cun tema con figuras enérxicas, representativas de toda a peza e baseadas nun movemento constante. O segundo movemento, *Andante*, aínda que mantén o carácter concertante é, ao mesmo tempo, un exemplo da capacidade da compositora para crear estados de ánimo líricos e emocionalmente serenos. Neste movemento, o proceso de evolución e a cor instrumental conforman os axentes construtivos que forman aquí un valor autónomo. A compositora regresa, no terceiro movemento, á súa música favorita, entendida como unha expresión de movemento puro en forma de motivos figurados con infinitas posibilidades de transformación. A espontaneidade da música, a constante mutabilidade das situacións tonais e as sofisticadas e as, segundo Lutoslawski, «acerbas harmonías» forman un colorido mosaico construído no esqueleto

estrutural dunha sonata rondó. Este concerto é unha proba da tendencia estilística da compositora.

Manuel Balboa foi un inqueda intelectual e un dos compositores máis destacados e comprometidos da súa xeración. O coruñés compaxinou os encargos que recibía das orquestras sinfónicas, como *Saturnal*, encargo da Real Filharmonía de Galicia para o seu concerto inaugural, co medio cinematográfico no que obtivo recoñecementos polas súas excelentes partituras de *El baile de las ánimas* de P. Carvajal, *Canción de cuna* de J. L. Garci ou *Crucifixus Island* de J. Gugolka e a escena, como a comedia musical *Nosferatu* de F. Nieva ou a do espectáculo barroco *Pelo de tormenta*, para o CDN. *Mares nocturnos* son os de Muxía, Fisterra e Cabo Vilán, lugares simbólicos da Costa da Morte, dos que procedía a súa familia paterna e moi queridos desde a súa infancia. A música está inspirada indirectamente nas cantigas líricas de compositores como Chané, Veiga, Montes e Baldomir utilizando unha orquestra clásica sen trombóns, con arpa e dous percussionistas. A súa cor instrumental é premeditadamente feble e sombría, case en constante escuridade cromática, coma a paisaxe da costa que soamente intenta evocar. A partitura é unha síntese sinfónica da banda sonora do filme *El baile de las ánimas* de Carvajal reorquestrada, eliminadas ou modificadas numerosas pasaxes e estruturada como unha breve suite en cinco tempos (repetindo como epílogo o primeiro) con temas, que a pesar da súa simplicidade están cargados de dramatismo, outros de oculto romanticismo, pero tamén pasaxes alegres de aire pastoral.

From flame to memory foi un encargo da Real Filharmonía de Galicia estreada baixo a batuta de Maximino Zumalave na tempada 2008/2009 e dedicada ao musicólogo Emilio Casares. A peza xorde dunha etapa de reflexión de Xavier de Paz e da necesidade de reformulación dos procesos creativos e de apertura a novas liñas de comunicación cos oíntes. Representa unha rotura coa produción anterior do autor coruñés, cunha estética máis preto do neoexpresionismo pero mantendo os particulares rasgos compositivos do autor. A obra está composta nun único movemento desenvolvido en tres seccións sen solución

de continuidade, unidas por un material harmónico común e a forte presenza da percusión. Na primeira sección destacan os elementos de texturas cristalinas en frautas e clarinetes que se despregaran ao longo de toda a peza. A segunda está marcada por unha crecente viveza rítmica e, no final, un frenético ritmo nas cordas que se estende a toda a plantilla orquestral e que, só no final, repousa nun acorde de Si maior. Rogelio Groba é un dos compositores galegos máis prolíficos do último medio século cun catálogo no que figuran máis de 700 obras de todos os xéneros, obras coas que ten establecido unha estreita relación coa Real Filharmonía de Galicia que ao longo da súa existencia ten interpretado pezas como *Concerto no Lameiro* –estreado no 80 aniversario do compositor–, *Intres boleses*, *Chistmas Symphny*, *Danzas Gulansesas*, *Gulans Feiticeiro* ou *Concerto lorquiano*, por citas algunhas. *Plenilunio* amosa claramente o emprego das dúas linguaxes expresivas que o autor adoita utilizar nas súas composicións: unha que podería considerarse máis tradicional, de fondo profundamente galaico, e outra moi propia, moito máis politonal e, en certa maneira, impresionista. O resultado é unha obra colorista e contrastada, con alternancias rítmicas e melódicas de personalidade definida, na que os elementos orquestrais teñen o seu momento protagonista, e que camiña entre contraposicións e tensións, normalmente amparadas no efectivo orquestral completo, cara a un final denso e contundente que medra en intensidade sonora. A peza fala dun plenilunio no que a claridade da lúa chea choca coa negrura da noite reflectido nunha danza case fantasmal, que fai pensar nas meigas que bailan arredor do lume nun auténtico aquelarre, baixo o influxo da deusa Selene.

AUDITORIO DE GALICIA
Avenida do Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 55 22 90
Billeteiras: 981 571 026
Fax: 981 574 250
info@auditoriodegalicia.org

web: compostelacultura.gal
FB: [CompostelaCultura](https://www.facebook.com/CompostelaCultura)
Twitter: [@CCultura](https://twitter.com/CCultura)

TEATRO PRINCIPAL
Rúa Nova, 21
15705 Santiago de Compostela
Oficinas: 981 542 347
Billeteira: 981 542 349
tpincipal@santiagodecompostela.gal

DE,
RÁNEA

XORNADAS
MÚSICA
CONTEMPORÁNEA

